

Museo do Pobo Galego

Visitas guiadas
Mostra “Galicia Máxica: Romarías e santuarios”
Fotografías etnográficas (1965-1968)
Gustav Henningsen



Unha parte da mostra fotográfica "Galicia Máxica: Romarías e santuarios"

HORARIO DAS VISITAS GUIADAS:

- **CANDO?** Os mércores **4, 11 e 18 de setembro ás 17h30** no Museo do Pobo Galego.

- **PREZO:** Actividade gratuíta

- **INSCRIPCIÓN PREVIA** (por orde de chegada): **As prazas son limitadas**, para inscribirse é necesario enviar un correo electrónico a **exposicions@museodopobo.gal** ou chamar ao 981 58 36 20, cómpre indicar **onome, apelidos e o día en que se quere asistir á visita**.

Neste mes de setembro remata o prazo para visitar a exposición fotográfica “**Galicia Máxica: Romarías e santuarios**”, do antropólogo e historiador danés **Gustav Henningsen**. Por este motivo, o Departamento de Educación e Acción Cultural e o Departamento de Exposicións do Museo do Pobo Galego organiza **as últimas tres sesións de visitas guiadas á mostra**. A actividade, de carácter gratuíto, terá lugar os **mércores, días 4, 11 e 18 de setembro ás 17h30**, e estará a cargo de David Conde Lourido, comisario da exposición.

A exposición “**Galicia Máxica: Romarías e santuarios**”, abarca un percorrido por máis de 80 fotografías, nos que se pode contemplar como as **romarías combinan o carácter sacro e o profano**. Por unha beira, mostra a presenza milagreira a través das procesións na **Nosa Señora da Franqueira (A Cañiza)**, as propiedades para sandar das pedras de **San Benitiño da Cova do Lobo (Barbadás)**, as **poxas na Lanzada** ou as ofrendas e os exvotos na **Nosa Señora do Corpiño (Lalín)** ou en **San Campio de Lonxe (Tomiño)**. Ao mesmo tempo, Henningsen tamén recolle a parte máis festiva deses actos sacros coas reunións ao aire libre e as animadas celebracións como os xantares de campo.

Gustav Henningsen, doutor en antropoloxía, **chegou a Galicia en 1965 cunha bolsa da Universidade de Copenhague**, co fin de investigar para a súa tese crenzas e tradicións vinculadas á historiografía da bruxería. Durante tres anos percorreu pobos e aldeas xunto á súa muller Marisa,

achegándose a todo tipo de tradicións, ritos e prácticas ancestrais, que recompilou nunha valiosa documentación fotográfica e oral. No ano 2015, o Museo do Pobo Galego dedicou unha mostra e unha documentada publicación a este acreditado folclorista danés, con imaxes realizadas na comarca de Ordes, baixo o nome *Galicia máxica: reportaxe dun mundo desaparecido. Fotografías etnográficas 1965-1968*.

A exposición actual recupera aquel mesmo título para continuar poñendo en valor o **arquivo fotográfico de Henningsen**, depositado no Museo. Ao mesmo tempo, rende **homenaxe a don Antonio Fraguas, primeiro director da nosa institución e autor da obra *Romarías e santuarios***.



Museo do Pobo Galego



**XUNTA
DE GALICIA**



**CONCELLO DE
SANTIAGO**



**Deputación
DA CORUÑA**